



Concello de Cangas

O CONCELLO DE CANGAS ÚNESE Á CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

O Concello de Cangas participa na campaña de doazón de sangue, que terá lugar o próximo luns 9 e martes 10 de outubro, e anima á cidadanía a colaborar.

Cangas, 05/10/2017

Para facilitar a colaboración de toda a veciñanza canguesa, unha unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desprazarase ata o noso Concello, permanecendo o luns 9 e o martes 10 de outubro na Alameda en horario de 16:00 a 21:00 horas.

O obxectivo é facilitar a doazón de sangue á veciñanza e garantir deste xeito as necesidades de compoñentes sanguíneos por parte dos centros sanitarios galegos. Dende ADOS recordan que en Galicia precisamos entre 400 e 500 doazóns de sangue diarias.

Pode doar sangue calquera persoa maior de 18 anos, que pese máis de 50 quilos, e que non teña padecido ou padeza enfermidades transmisibles polo sangue (Hepatite B ou C, SIDA, etc.) ou enfermidades graves ou crónicas (de corazón, ril, cancro, diabeite insulino dependente de tipo 1, asma grave, etc.).

Basta con achegarse co DNI, tarxeta de doador ou similar, e especificar se está a tomar ou tomou recentemente algún medicamento. Non acudir sen almorzar, esperando despois de xantar polo menos dúas horas. Unha vez alí, un médico realizará unha revisión do estado de saúde e medirá o pulso, a tensión e o nivel de hemoglobina para descartar unha anemia. En tódolos casos, emprégase material estéril e dun só uso, e o volume de sangue doado recupérase case de inmediato.

O Concello agradece a colaboración e solidariedade de toda a veciñanza.

Gabinete de Comunicación